

07.02.2010 | GALICIA HOXE | 31

ESCRITORES

■ Crea un congreso sobre o conto popular

A AELG celebrará o 'Roteiro Novoneyra'

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), na súa Asemblea Anual de Socios, celebrada recentemente no Museo do Pobo Galego, acordou o programa de actividades para este 2010. Entre elas, celebrará en colaboración coa USC o congreso *A escrita do conto popular*, e levará a cabo un Roteiro Novoneyra, no que colabora a Deputación de Lugo.

Ademais, editaranse as actas da II Xornada de Literatura de Tradición Oral, e daráselle continuidade á gravación en vídeo dos socios da AELG e do proceso de dixitalización para o Centro de Documentación da web da asociación, así como á apertura dunha sección na web coa historia da AELG a través dos informes de prensa.

Está prevista a celebración de dúas Polafías na Coruña, dúas en Lugo, unha en Pontevedra e unha en Ourense, así como a colaboración coa Concellería de Cultura de Santiago para a elaboración de catro roteiros literarios na cidade. Finalmente, organizará un Cortexo Cívico conmemorativo do traslado dos restos mortais de Rosalía de Castro, desde Padrón ao Panteón de Galegos Ilustres. • MARÉ